



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Plan de Igualdade do CIFP

Centro: CIFP Montecelo

Período: 2023_2027



Índice

1. Introducción.
2. Contextualización normativa e do centro.
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:
 - 4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - 4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - 4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
 - 4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:
 - 5.1 Organización do centro.
 - 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. Seguimento e avaliación.

1. Introducción

O CIFP Montecelo, como centro sostido con fondos públicos, asume con firme compromiso a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, e a construción dun modelo educativo plenamente coeducativo. O Plan de Igualdade do centro constitúe unha ferramenta fundamental para garantir a equidade, a prevención de toda forma de discriminación por razón de xénero e a promoción dunha cultura de respecto, inclusión e corresponsabilidade.

Este plan estrutúrase arredor dos catro obxectivos coeducativos fundamentais, articulando medidas concretas que inciden na organización do centro, a eliminación de estereotipos na ensinanza, o uso de espazos e recursos inclusivos e a mellora da convivencia escolar con perspectiva de xénero.

Como punto de partida, realizouse unha diagnose das necesidades específicas do centro, que permite priorizar accións en función do contexto, dos recursos dispoñibles e das problemáticas detectadas. Esta diagnose serve de base para definir obxectivos realistas e eficaces.

Aínda que nos últimos anos se produciron avances significativos en materia de igualdade coa maior presenza das mulleres nos ámbitos laborais, político, social e académico, persisten desigualdades estruturais e situacións cotiás que evidencian a necesidade de seguir traballando: violencia machista, fenda salarial, segregación horizontal e vertical, ou a pervivencia de roles de xénero tradicionais. Estas realidades esixen unha transformación ideolóxica e cultural profunda que permita construír novos modelos de relación entre persoas, baseados na igualdade, o respecto e a liberdade individual.

Neste contexto, a comunidade educativa do CIFP Montecelo comprométese a:

- Nomear unha persoa responsable da coordinación do Plan de Igualdade.
- Aplicar protocolos de prevención e intervención ante condutas contrarias á convivencia ou discriminación por razón de xénero.
- Definir e visibilizar os obxectivos coeducativos e as accións de educación afectivo-sexual integral, integrándoos nos diferentes plans do centro.

- Promover unha orientación académico-profesional libre de estereotipos de xénero.
- Desenvolver accións de sensibilización e actividades coeducativas dirixidas ao conxunto do alumnado en datas sinaladas.

A igualdade non é só un obxectivo educativo, senón un dereito fundamental que require implicación, vixilancia e compromiso activo por parte de toda a comunidade educativa.

2. Contextualización normativa e do centro

O Plan de Igualdade do CIFP Montecelo desenvólvese no marco legal establecido polas normativas internacionais, estatais e autonómicas que regulan e promoven a igualdade efectiva entre mulleres e homes, así como a prevención da discriminación por razón de xénero, identidade ou orientación sexual no ámbito educativo.

A nivel internacional, a igualdade de xénero é recoñecida como un dereito fundamental pola Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW) da ONU (1979) e a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, que establece no seu Obxectivo 5 a necesidade de “lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas”.

No ámbito estatal, destacan as seguintes normas de referencia:

- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que establece o principio de igualdade de trato e de oportunidades como eixe das políticas públicas.
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que subliña a importancia da educación como ferramenta de prevención.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE), que incorpora de maneira transversal a igualdade de xénero e a coeducación en todas as etapas educativas.

No marco da Comunidade Autónoma de Galicia, resultan de especial relevancia:

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, que establece no seu artigo 28 a obriga dos centros educativos de fomentar valores igualitarios e integrar a perspectiva de xénero no currículo.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, polo que se establece o currículo da educación básica en Galicia, que incorpora a igualdade como principio pedagóxico transversal.
- Instrucións anuais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que regulan a elaboración e seguimento dos Plans de Igualdade nos centros sostidos con fondos públicos.
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia (2016-2020) e as sucesivas actualizacións, que ofrecen un marco organizativo, metodolóxico e avaliador para o desenvolvemento das accións en igualdade no contexto escolar galego.

Neste marco legal e institucional, o CIFP Montecelo asume a súa responsabilidade como espazo de socialización e formación, impulsando un modelo educativo que fomente a equidade, a convivencia e o respecto á diversidade. O Plan de Igualdade constitúe, así, unha resposta concreta e estruturada a esta obriga legal e ética, orientada á transformación social desde a educación, todo isto recollido no Plan de convivencia do CIFP Montecelo.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

Pese a que os dato globais tanto do claustro, como do alumnado, parecen bastante paritarios, resulta que cando se observan os datos concretos de cada grupo, observase que en algún deles (FPB Mantemento de Vehículos, FPB Agroxardinaría, ou ciclos de sanidade) seguen representando de forma exaxerada os roles tradicionais de xénero.

Cando aínda o centro era un IES leváronse a cabo as seguintes actividades:

Actividades concretas nas titorías, traballadas ao longo dos cursos, así como conmemoracións nas que participa todo o centro.




Un claro exemplo pode ser o levado a cabo en pasados curso dentro do Plan Proxecta. O programa dirixiuse ó alumnado de F.P. Básica de Agroxardinería e composicións florais, Artes gráficas, Mantemento de vehículos e Peiteado e Estética, que constitúen un total de 71 alumnos e alumnas.

As sesións formuláronse dende unha liña de traballo dinámica e interactiva, na que se promoveu o diálogo e a participación do alumnado. Ademais contouse coa presenza dun técnico de Quérote+ que viu ao centro para desenvolver o obradoiro de Educación Afectivo Sexual con cada grupo participante.



Realizouse cada ficha de traballo Quérote+ segundo as indicacións da unidade didáctica. Realizouse unha investigación práctica na que se tratou de demostrar o papel dos xoguetes na adxudicación do rol de xénero que culminou coa elaboración dun catálogo de xoguetes sen rol de xénero asignado.

Ao longo do curso foise expoñendo nos corredores do centro o traballo desenvolvido polo alumando participante, de xeito que tanto o resto de compañeiros e compañeiras doutros cursos, como do equipo docente puidera ver os proxectos que se estaban a realizar. Por segundo ano consecutivo propúxose a creación dun concurso para escoller un dos proxectos para facelo en vinilo e colocalo de forma permanente dunha das paredes do centro. Deste xeito puido implicarse a toda a comunidade educativa.




Dende setembro do 2023 o centro pasou a ser CIFP, polo tanto no CIFP Montecelo realizáronse as seguintes actividades en relación a igualdade:

- **Curso 2023/24**

- Actos de conmemoración do 25N e o 8M.
- Actividades nas titorías de FPB sobre igualdade, sexualidade e colectivo LGBTIQ+.
- Formación sobre igualdade, sexualidade e colectivo LGBTIQ+ promovidos polo Concello de Pontevedra
- Creación do PuntoLaranxa(Contra o acoso e ciberacoso escolar)

- **Curso 2024/25**

- Actos de conmemoración do 25N e o 17M.
- Actividades nas titorías de FPB sobre igualdade, sexualidade e colectivo LGBTIQ+.
- Talleres sobre igualdade, sexualidade e colectivo LGBTIQ+ promovidos polo CIM de Pontevedra.
- Presentación de Invisibles, por MontseFajardo e unha das protagonistas de unha das historias do libro.
- Actualización dos recursos bibliográficos da biblioteca en materia de igualdade.
- Difusión de materias do colectivo LGBTIQ+ nas paredes do centro.
- Creación de materiais lúdicos sobre o colectivo LGBTIQ+, como definicións para aclarar conceptos.
- Difusión do Punto Laranxa entre o alumnado.
- Participación do alumnado de Ciclos básicos na creación de materiais sobre o percorrido pola Historia da Arte con perspectiva feminista auspiciada polo Consello Municipal da muller nova do Concello de Pontevedra.
- Diseño, maquetación e produción da exposición da mostra "De Eva a Maruxa" da Concellería de igualdade e o Centro de información á muller, do Concello de Pontevedra.
- Exaltación da muller galega como artista anónima e popular mediante a realización das actividades no marco do día das letras Galega. Nesta actividade participou todo o alumnado do centro e profesorado reflectindo un profundo respecto e concienciación das nosas raíces.
- Presentación da campaña "En negro contra as violencias" e o libro "Sempre libres e vivas" pola autora, a deseñadora Uqui Permui.



4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Liñas de actuación

- Establecer procesos de reflexión no centro encamiñados a desvelar as desigualdades existentes entre homes e mulleres.
- Revisar a realidade do centro dende unha perspectiva de coeducación.
- Analizar co alumnado cómo se constrúe a identidade de xénero, cuestionando os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias da súa asunción.
- Sensibilizar ás familias sobre o papel que xogan na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- Favorecer as relacións de cooperación entre iguais, fomentando a confianza e a empatía e, evitando exclusións, competitividade ou rivalidade.
- Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.
- Fomentar o uso de linguaxe non sexista
- Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nos diferentes campos da cultura, a política, a sociedade e a ciencia.
- Promover modelos de masculinidade igualitaria, afectiva e corresponsable, fomentando a reflexión crítica sobre os estereotipos asociados ao ser home.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

Liñas de actuación

- Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero.
- Visibilizar e corrixir os casos de discriminación de xénero, condutas sexistas e inxustizas.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de violencia de xénero que se podan dar no centro.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

Liñas de actuación

- Establecer prácticas educativas correctoras de estereotipos.
- Formar na autoestima e autonomía persoal do alumnado de maneira que permita relación de xénero respetuosas.
- Propoñer recursos que permitan ao alumnado crenzas alternativas ás tradicionais.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto á diversidade afectivo-sexual.
- Aumentar os recursos bibliográficos sobre a afectividade sexual.

4.4 Xestión de convivencia do colectivo LGBTIQ+

Liñas de actuación

- Formar na autoestima e autonomía persoal do alumnado de maneira que permita relación de xénero respetuosas.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto, intolerancia ou agresión por LGBTIfobia.
- Difundir materiais relacionados co colectivo LGBTIQ+.
- Aumentar os recursos bibliográficos sobre o colectivo LGBTIQ+.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1 Organización do centro

- Dar a coñecer o Plan de Igualdade a toda a comunidade educativa a través taboleiro de anuncios e da páxina web.
- Revisar os documento do centro, por si puidese existir linguaxe sexista ou escasa consideración no tratamento da diversidade.
- Potenciar o uso de linguaxe inclusivo, non só a nivel escrito senón tamén a nivel oral.
- Crear e poñer en funcionamento unha comisión de igualdade incluíndo representantes do claustro, alumnado, familias e persoal non docente.
- Nomear unha persoa coordinadora de igualdade, responsable de coordinar e impulsar as accións con formación específica en coeducación e igualdade.
- Organizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial.
- Buscar a equidade na representación dos órganos de intervención e decisión (Consello social, Xunta de delegadas e delegados)
- Evaluar anualmente o plan de igualdade, engadindo indicadores cualitativos e cuantitativos na memoria anual do centro.

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dossaberes

- Analizar co alumnado como se constrúe a identidade de xénero, cuestionando os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias da súa asunción.
- Revisar as programacións e o material escolar dende unha perspectiva de xénero e respecto á diversidade, na que se eliminen reticencias que aínda poidan quedar para comprender que educar en igualdade de xénero é igual de importante que educar en calquera materia.
- Sensibilizar ás familias sobre o papel que xogan na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

- Crear un espazo coeducativo na biblioteca e fomentar a lectura de libros coeducativos.
- Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.
- Fomentar a participación do alumnado de ambos sexos nas actividades extraescolares.
- Establecer un lugar específico de coeducación no taboleiro de anuncios: publicando novas, concursos, informacións, estatísticas sobre violencia de xénero, creacións do alumnado en materia de diversidade afectivo sexual, etc..., para consulta de toda a comunidade educativa.
- Crear un banco de recursos dixitais.
- Enlaces a páxinas ou blogs con contidos de inclusión igualdade e diversidade, exemplo
(<https://drive.google.com/drive/folders/1GcXV7qaaSzHWAAUVvG9Ip6EEORxuzLud?usp=sharing>)

- Crear unha partida no orzamento do centro destinada a fomentar a coeducación, a igualdade e a prevención da violencia de xénero (adquisición de material, actividades, charlas informativas,...)

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Integración da perspectiva de xénero no Plan de Convivencia, resvisando normas, protocolos e medidas correctoras dende un enfoque coeducativo
- Fomentar a empatía e asertividade na vida do centro.
- Realzar a importancia do bo uso das redes sociais en materia de igualdade e respecto a identidade afectivo-sexual.
- Charlas informativas a cargo do C.I.M. ou de colectivos LGTBIQ+ e análise posterior.
- Aplicación de mediación escolar con enfoque de igualdade na resolución pacífica de conflitos dende a empatía e a perspectiva de xénero.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado, tanto no centro, na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
- Seguir protocolos educativos vinculados coa convivencia escolar cando se detecten situacións de identidade de xénero ou violencia de xénero na web educonvives.gal

6. Situación actual e proposta de mellora.

Na actualidade, o centro non dispón de datos previos sobre a percepción da igualdade por parte da comunidade educativa, xa que non se teñen realizado ata o momento cuestionarios diagnósticos específicos sobre este tema.

Como proposta de mellora inmediata, plantexamos a elaboración dun cuestionario diagnóstico no primeiro trimestre do curso 2024/2025, dirixido ao alumnado, profesorado e persoal non docente, co obxectivo de coñecer:

- A percepción sobre a igualdade no centro.
- A existencia de estereotipos ou actitudes discriminatorias.
- A presenza de situacións de violencia de xénero ou LGTBIfobia.
- A representación e participación do alumnado en igualdade.

A partir destes datos, o Plan poderá ser revisado e adaptado de forma máis axustada á realidade do centro.

De tódolos xeitos e, aínda que neste momento o centro non conta cun diagnóstico cuantitativo a través de enquisas previas, si se teñen recollido percepcións e observacións do profesorado e do equipo de orientación que sinalan un cambio de actitude por parte dalgún sector do alumnado no tocante á igualdade de xénero. Durante os últimos meses do curso 2024/2025, detectouse un aumento de discursos de cansazo, rexeitamento ou cuestionamento das accións de igualdade, especialmente entre o alumnado masculino dalgúns ciclos. Este fenómeno pode interpretarse como unha fatiga simbólica provocada pola repetición do discurso sen renovación metodolóxica, ou mesmo como resistencias propias dun proceso de transformación cultural profundo, que require acompañamento, escoita e novos enfoques. Este contexto supón un reto, pero tamén unha oportunidade para:

- Reorientar as accións cara a propostas máis vivenciais, dialóxicas e con enfoque emocional.
- Incorporar a perspectiva das novas masculinidades como estratexia de inclusión e non de confrontación.
- Escoitar activamente ao alumnado para reformular os espazos de aprendizaxe en igualdade, adaptándoos aos seus códigos, linguaxes e referentes actuais.

7. Seguimento e avaliación.

Ao final do curso valorárase :

- Grao de consecución dos obxectivos propostos para ese curso;
- Resumo das actuacións realizadas
- Dificultades atopadas
- Propostas de mellora

8. Anexos

Cuestionario Diagnóstico sobre Igualdade – CIFP Montecelo

Instrucións: Responde marcando a opción que mellor represente a túa opinión (escala de 1 a 5) e, no caso das preguntas abertas, redacta unha resposta breve e clara.

Bloque 1: Coñecemento e percepción da igualdade no centro

1. Coñezo a existencia do Plan de Igualdade do CIFP Montecelo.
2. Percibo que o centro promove valores de igualdade entre mulleres e homes.
3. O profesorado utiliza unha linguaxe inclusiva e non sexista.
4. Os materiais didácticos (libros, recursos, exemplos) están libres de estereotipos de xénero.
5. As accións do centro teñen en conta a diversidade afectivo-sexual e de xénero.
6. As campañas e actividades do 25N, 8M e 17 de maio teñen impacto no alumnado.
7. Que medidas cres que está a facer ben o centro en materia de igualdade?
8. Que aspectos cres que deberíamos mellorar?
9. Como definirías en poucas palabras o ambiente de igualdade no CIFP Montecelo?

Bloque 2: Convivencia e prevención da violencia de xénero

10. Percibo que o centro actúa de forma clara ante condutas machistas ou discriminatorias.
11. Sei a quen acudir no centro se se produce unha situación de desigualdade ou violencia de xénero.
12. Os protocolos contra a violencia de xénero están claros e son coñecidos pola comunidade educativa.
13. Coñeces algún caso (sen identificar persoas) no que se detectase desigualdade ou discriminación no centro?
14. Que propostas terías para mellorar a convivencia con perspectiva de xénero?

Bloque 3: Orientación académica e profesional sen estereotipos

15. A orientación profesional recibida promove a liberdade de elección sen prexuízos de xénero.
16. O centro fomenta a participación das mulleres nos ciclos tradicionalmente masculinizados (e viceversa).
17. Hai referentes femininos visibilizados nos contidos ou actividades do ciclo/formación.
18. Cres que as eleccións académicas e profesionais no CIFP están condicionadas por roles de xénero? Por que?
19. Que iniciativas poderían axudar a fomentar vocacións en sectores masculinizados ou feminizados

Bloque 4: Participación e compromiso da comunidade educativa

20. As familias e o persoal non docente están implicados nas accións pola igualdade.
21. O centro promove espazos de participación igualitaria para todo o alumnado.
22. Como valoras a implicación do teu grupo (profesorado, alumnado, etc.) nas accións relacionadas coa igualdade?
23. Que propostas concretas farías para avanzar cara a unha maior igualdade no centro?

Escala de valoración cuantitativa (para cada ítem 1–5):

- 1 – Totalmente en desacordo
- 2 – En desacordo
- 3 – Nin de acordo nin en desacordo
- 4 – De acordo
- 5 – Totalmente de acordo

Posibles propostas concretas para cada un dos obxectivos



FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL



Propostas posibles en relación aos obxectivos

Obxectivos

Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

Prevención, detección e intervención en casos de violencia de género

Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

Xestión da convivencia do colectivo LGBTIQ+

Propostas posibles de actuación

Obradoiro ou charla “Novos homes para novas realidades”: conducido por facilitadores formados en novas masculinidades ou por persoeiros que gocen de recoñecemento entre o alumnado (cantantes, deportistas, influencers...).

Creación dun “Buzón da igualdade” físico ou virtual para recoller situacións, propostas ou inxerencias do alumnado.

Difusión e formación interna sobre o protocolo de actuación ante violencia de de xénero. Simulacións en tutorías.

Creación dunha pequena sección na biblioteca con libros, curtametraxes e materias sobre afectividade e diversidade.

Creación dun protocolo de actuación ante situacións de discriminación por LGBTIfobia.

Pontevedra, 4 de xullo de 2025

Asdo. Juan Miguel Carballa González
Director CIFP Montecelo